

Dende SNEP de Galicia apoiamos a PROPOSICIÓN NON DE LEI: ENFERMERIA ESCOLAR: Regulación da Figura e Dotación dos Centros Escolares en Galicia presentado no Parlamento de Galicia por iniciativa cidadá e apoiada por diferentes grupos do sector sanitario e educativo: Federación Galega de Diabetes, Unión Galega de Epilepsia, Federación Autismo Galicia, Asociación de Déficit de Atención Hiperactividade e Necesidades específicas de apoio educativo, Asociacións de Nais e Pais (CONGAPA e CONFAPA), Colexio de Enfermería de A Coruña; Lugo; Ourense, Escolas Católicas, Asociación Bicos de Papel e ANPE Galicia.

A normativa actual da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de Educación non contempla a figura de Enfermeiro/a Escolar no coidado das enfermidades crónicas. Segundo a Lei 8/2008, de 10 de xullo, de Saúde de Galicia, establécese o dereito á EDUCACIÓN SANITARIA e á información axeitada que propicie a adopción de costumes e estilos de vida saudábeis.

Na actualidade existe unha Lei Orgánica 2/2006, de 3 maio, relativa ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo, en cuxo artigo 71 do seu Título II, Capítulo I, establécese que: “As administracións educativas disporán os medios necesarios para que todo o alumnado acade o máximo desenvolvemento persoal, intelectual, social e emocional, así como os obxectivos establecidos con carácter xeral nesta lei.” De igual maneira, especifica a igualdade de criterios para a determinación de recursos entre os centros públicos e os centros privados concertados.

No Decreto 229/2011, do 7 Decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación; no seu Capítulo II, garántese “unha adecuada e equilibrada escolarización do alumnado con necesidades educativas especiais” e asegúrase a calidade educativa para todos, a cohesión social e a igualdade de oportunidades.

A normativa define ao alumno con necesidades específicas de apoio educativo como aquel que requira por un período da súa escolarización, ou ó longo de toda ela, de determinados apoios e atencións específicas derivadas de discapacidades motoras, sensoriais, intelectuais ou trastornos xeneralizados da súa conduta.

**A tenor da lexislación vixente evidénciase un claro baleiro normativo en materia de apoio sanitario nos centros docentes con alumnado que padece enfermidades crónicas. Dito baleiro implica una clara situación de vulnerabilidade e risco de deterioro da saúde no horario lectivo.**

Pola tanto dende SNEP de Galicia reafirmamos o apoio as demandas de esta Proposición Non de Lei:

1. Recoñecer e regular a figura da Enfermería Escolar na Comunidade Autónoma de Galicia.
2. Promover un acordo entre as Consellerías competentes en materia de Educación e Sanidade para determina-la execución e adxudicar un enfermeiro/a aos centros públicos e privados concertados.